

Xogo dos paxaros e paxaros do xogo







Regras do xogo








A quenda de saída establécese lanzando un dado, e sae primeiro o que saque a puntuación máis alta. No caso de que dous ou máis xogadores acaden a mesma puntuación farán un segundo lanzamento e irá diante o que saque o número máis alto.

Se durante o percorrido un xogador cae nunha casiña de fondo azul, volve lanzar o dado e, se o valor que sae é par, avanza dúas casiñas, pola contra, se é impar retrocede dúas casiñas.

O xogo remata cando un xogador consegue o tanteo necesario para entrar, desde a casiña na que se atopa, na casiña final.






Paxaros do xogo

		
<p>Carriza (<i>Troglodytes troglodytes</i>).- Moi común. Vive en zonas de mato mesto. Fai un niño típico, esférico cunha entrada lateral. Aliméntase de insectos e arañas. Mide entre 9 e 10 cm.</p>	<p>Pardal (<i>Passer domesticus</i>).- Moi común. Atópase por todas partes, preto da xente. Aliméntase case de calquera cousa. Mide entre 14 e 16 cm.</p>	<p>Lavandeira branca (<i>Motacilla alba</i>).- Común. Atópase en camiños, leiras e zonas húmidas preto de lugares habitados. Come insectos. Mide entre 16 e 19 cm.</p>
		
<p>Paporrubio (<i>Erithacus rubecula</i>).- Común. Atópase en xardíns, áreas cultivadas e bosques. Aliméntase de froitos e invertebrados. Mide entre 12 e 14 cm.</p>	<p>Estreliña riscada (<i>Regulus ignicapilla</i>).- Común en zonas arboradas. Aliméntase de insectos e arañas. Mide entre 9 e 10 cm.</p>	<p>Pica dos prados (<i>Anthus pratensis</i>).- Común. Ven pasar o inverno nos campos abertos onde se alimenta de insectos e arañas. Mide entre 14 e 15 cm.</p>

		
<p>Ouriolo (<i>Oriolus oriolus</i>).- Pouco común. Ven no verán para criar en zonas arboradas preto da auga. Aliméntase de insectos e de froitos. Mide entre 22 e 25 cm.</p>	<p>Borrallenta (<i>Prunella modularis</i>).- Común. Vive en áreas de mato -silveiras, toxeirás... Aliméntase de insectos e algunhas sementes. Mide entre 13 e 14 cm.</p>	<p>Agabeador (<i>Certhia brachydactyla</i>).- Case común. Vive en arboredas. Para alimentarse percorre, de abaixo a arriba, os toros buscando bechos. Mide entre 12 e 13 cm.</p>
		
<p>Anduriña (<i>Hirundo rustica</i>).- Común. Chega na primavera para facer o niño de barro e palla ao abeiro das casas no medio rural. Aliméntase de insectos. Mide entre 17 e 21 cm.</p>	<p>Paporrubio real (<i>Pyrrhula pyrrhula</i>).- Pouco común. Vive en arboredos sombrizos. Aliméntase de gomos, insectos e sementes. Mide entre 15 e 17 cm.</p>	<p>Ferreiro abelleiro (<i>Parus major</i>).- Común en arboredos e hortas. Aliméntase de insectos e algúns froitos e sementes. Mide entre 13 e 15 cm.</p>
		
<p>Escribenta riscada (<i>Emberiza cia</i>).- Case común en espazos abertos das abas dos montes. Aliméntase de invertebrados, sementes e herbas. Mide entre 15 e 17 cm.</p>	<p>Xirín (<i>Serinus serinus</i>).- Común en parques, xardíns e zonas de cultivo. Aliméntase de gomos, sementes e algúns invertebrados. Mide entre 11 e 12 cm.</p>	<p>Merlo rieiro (<i>Cinclus cinclus</i>).- Pouco común. Vive ao pé das correntes de auga limpa nas que mergulla para capturar pequenos animais. Mide entre 17 e 20 cm.</p>

		
<p>Papuxa común (<i>Sylvia communis</i>).- Escasa. Ven no verán aos espazos abertos con mato. Aliméntase de invertebrados e froitos. Mide entre 12 e 15 cm.</p>	<p>Pedreiro (<i>Oenanthe oenanthe</i>).- Escaso. Vese no verán en espazos ermos e dunas. Aliméntase de invertebrados. Mide entre 14 e 16 cm.</p>	<p>Pimpín (<i>Fringilla coelebs</i>).- Común en xardíns, hortas, arboredos... Aliméntase de grans, sementes e insectos. Mide entre 14 e 16 cm.</p>
		
<p>Tordo común (<i>Turdus philomelos</i>).- Común en lugares arborados ou en prados. Aliméntase de miñocas, insectos, caracolas e froitos. Mide de 20 a 22 cm.</p>	<p>Úbalo (<i>Carduelis spinus</i>).- Escaso. Ven desde o norte de Europa a pasar o inverno. Aliméntase de sementes de árbores. Mide entre 11 e 12 cm.</p>	<p>Ferreiriño común (<i>Parus ater</i>).- Común en zonas arboradas nas que se alimenta de insectos e arañas. Mide entre 10 e 11 cm.</p>
		
<p>Piquelo (<i>Sitta europaea</i>).- Case común en bosques de folla caediza do interior. Aliméntase de insectos e arañas e no inverno de froitos e sementes. Mide de 12 a 14 cm.</p>	<p>Merlo (<i>Turdus merula</i>).- Moi común. Atópase en calquera sitio no que haxa árbores e matogueiras. Aliméntase de froitos e bechos pequenos. Mide de 23 a 29 cm.</p>	<p>Pardillo (<i>Carduelis cannabina</i>).- Común en campos de labor e matos. Aliméntase de sementes. Forma bandos no inverno. Mide entre 12 e 14 cm.</p>

		
<p>Chasco (<i>Saxicola rubicola</i>).- Común en cultivos e matos. Aliméntase de insectos e arañas. Mide entre 11 e 13 cm.</p>	<p>Escribenta (<i>Emberiza cirius</i>).- Común en cultivos e beirais. Aliméntase de sementes e de insectos. Mide entre 13 e 15 cm.</p>	<p>Cotovía (<i>Galerida cristata</i>).- Pouco común en campos abertos, ermos... Aliméntase de sementes e invertebrados. Mide de 17 a 19 cm.</p>
		
<p>Ferreiriño bacachís (<i>Parus caeruleus</i>).- Case común en arboredos nos que captura insectos, arañas e tamén come algúns froitos. Mide de 10 a 12 cm.</p>	<p>Verderol (<i>Carduelis chloris</i>).- Común en zonas de cultivo con árbores. Aliméntase de froitos e sementes. Mide de 14 a 16 cm.</p>	<p>Papuxa montesa (<i>Sylvia undata</i>).- Común en uceiras e toxeias. Aliméntase de insectos e de arañas. Mide de 13 a 14 cm.</p>
		
<p>Picaxuncos (<i>Cisticola juncidis</i>).- Común en xunqueiras, lagoas e marismas. Aliméntase maiormente de insectos. Mide entre 10 e 11 cm.</p>	<p>Xílgaro (<i>Carduelis carduelis</i>).- Pouco común. Atópase en zonas de cultivo con árbores e en campos ermos. Aliméntase de sementes. Mide de 12 a 13 cm.</p>	<p>Pardal orelleiro (<i>Passer montanus</i>).- Case común en zonas de cultivo preto das casas. Aliméntase de gran e de insectos. Mide entre 12 e 14 cm.</p>

		
<p>Lavandeira verdeal (<i>Motacilla flava</i>).- Común. Vese no verán preto de masas de auga onde se alimenta, maiormente de insectos. Mide entre 15 e 16 cm.</p>	<p>Estorniño pinto (<i>Sturnus vulgaris</i>).- Común. Ven pasar o inverno. Forma grandes bandos para alimentarse nos campos, de froitos e insectos, e para durmir. Mide de 19 a 22 cm.</p>	<p>Rabirrubio tizón (<i>Phoenicurus ochruros</i>).- Común. Vive en cantís, rochedos, canteiras e preto das casas. Aliméntase de insectos e de arañas. Mide de 13 a 14 cm.</p>
		
<p>Ferreiriño cristado (<i>Parus cristatus</i>).- Case común nos piñeirais. Aliméntase de bechos pequenos que captura nas árbores. Mide entre 10 e 12 cm.</p>	<p>Papuxa de cabeza negra (<i>Sylvia melanocephala</i>).- pouco común. Vive en matos de zonas de solaina. Aliméntase de insectos, arañas e froitos. Mide de 13 a 14 cm.</p>	